

OBSERVATORIO DE IGUALDADE
DE XÉNERO



COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

MESA DE TRABALLO CENTRADA NA VIOLENCIA DE XÉNERO
OBSERVATORIO MUNICIPAL DE IGUALDADE DE XÉNERO

ÍNDICE

[1] INTRODUCCIÓN	1
[2] PREVALENCIA DA VIOLENCIA DE XÉNERO	2
[3] RESPOSTA INSTITUCIONAL	4
[4] IMPACTO	8

[1] INTRODUCCIÓN

O Observatorio ten como punto de partida o «Estudo do Deseño do Observatorio de Igualdade de Xénero». Esta investigación levouse a cabo en dúas fases de estudo: en primeiro lugar, elaborouse un repaso teórico dos observatorios de referencia a nivel estatal e internacional no marco da estratexia do mainstreaming de xénero. En segundo lugar, realizouse un estudo aplicando metodoloxías cualitativas, tendo en conta a opinión do persoal técnico da administración municipal, os axentes sociais e o sector feminista da cidade.

En outubro de 2016, no marco da investigación cualitativa, tivo lugar unha Mesa de Traballo centrada na Violencia de Xénero. Neste espazo participaron diferentes persoas en representación de axentes institucionais (do ámbito xudicial, profesional e municipal) e sociais. O obxectivo desta xuntanza foi reflexionar en torno a esta problemática no ámbito municipal.

A continuación presentamos a información recollida en tres apartados: **a prevalencia, resposta institucional e impacto.**

[2] PREVALENCIA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

No estudo realizado, apélase ao rol das diferentes administracións públicas na loita para a erradicación das violencias contra as mulleres e as nenas, as cales evidencian a desigualdade de valor e oportunidades que seguen lastrando as nosas sociedades.

Poñendo o foco no que acontece a nivel local, as reflexións derivadas do estudo realizado para o Observatorio de Igualdade permiten establecer consideracións alén dos asasinatos, é dicir, tómanse en conta as diferentes manifestacións da violencia –física, psicolóxica e sexual, entre outras–, entendendo que todas elas amosan a gravidade deste problema social. Neste punto, cómpre indicar que entre as diferentes tipoloxías nas que a violencia se pode manifestar, a psicolóxica, sen ser menos importante, resulta máis difícil de probar.

Así mesmo, no debate remitiuse ao código penal, que establece que, agás os insultos (inxurias leves), cualificados como delitos leves, os diferentes comportamentos que constitúen a violencia machista son clasificados como graves ou menos graves. No caso de Santiago de Compostela, tendo o conta o expresado pola Fiscalía, é posible afirmar que a meirande parte das denuncias presentadas son debidas a lesións menos graves ou maltrato e por maltrato habitual (este último supón a persistencia dunha situación de dominación e dun clima de violencia e medo que fai insostible a relación, coartando a liberdade da parella, someténdoa a medidas de control ou degradándoa a través de insultos e descualificacións). Porén, as lesións graves e os delitos de agresión sexual e abusos son menos frecuentes, malia que existen algúns casos. En todo caso, non é posible establecer unha correlación directa entre o grao de afectación física do caso, por exemplo, e o nivel de afectación da muller; pois as secuelas emocionais poden ter maior calado.

A denuncia non é a única variable de peso para valorar a gravidade de cada caso, pois é destacable o número de mulleres que acoden ao Centro de Información da Muller (CIM) e finalmente desbotan recorrer á vía xudicial.

No entanto, ao sinalar a gravidade deste fenómeno, resulta imprescindible considerar a interseccionalidade da violencia xunto con outras circunstancias persoais, como poden ser a diversidade funcional, a inmigración ou o contexto (rural/urbano) onde se habita, por citar algunhas posibilidades. No caso concreto das mulleres con diversidade funcional, o descoñecemento e prexuízos que existen cara a esta realidade leva á invisibilización deste colectivo, que supón á súa vez unha particular invisibilización da violencia machista. Un

exemplo desta falta de información son os escasos datos relativos ás mulleres con diversidade funcional en situación de violencia de xénero.

Igualmente, cabe sinalar as reflexións derivadas da mesa de traballo sobre violencia de xénero, que evidencian a ausencia de factores de risco en estado «puro». O que existe é unha confluencia ou interacción que opera a diferentes niveis e favorece as situacións de violencia. En todo caso, algúns factores identificados polas expertas que participaron enúncianse a continuación como elementos a considerar:

Relativos á situación particular das mulleres:

- O illamento e a carencia de apoios.
- A ausencia de medios económicos ou o feito de que estes sexan limitados para poder levar unha vida independente.
- A existencia de crianzas e a sobrecarga familiar.
- A necesidade de seguir tratamentos psiquiátricos.
- As adiccións e consumos.
- A pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social: migrantes, persoas con diversidade funcional, dependencia, persoas en contextos de prostitución e/ou vítimas de trata con fins de explotación sexual, etc.

Relativos á situación social:

- O incremento da prevalencia da violencia machista nas parellas novas.
- As posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación para manter formas de acoso e control.
- A persistencia de discursos machistas en diferentes ámbitos da sociedade.
- A impunidade que nalgúns casos existe en relación aos agresores.
- A necesidade de contar con máis recursos económicos que acompañen as medidas lexislativas vixentes.
- A cultura patriarcal.
- A discriminación laboral.

No caso concreto de Santiago, sen ser considerado un factor de risco especificamente, si que se evidencia como a realidade é máis complicada para as mulleres que viven no rural. Neste sentido, ás dificultades á hora de contar con determinados servizos súmase o problema do anonimato, máis difícil de garantir en contextos pequenos onde todo o mundo se coñece. De feito, menciónase esta realidade en referencia ás atencións que se fan no CIM, pois en ocasións acoden mulleres de vilas próximas ao Concello de Compostela na busca dunha maior intimidade.

[3] RESPOSTA INSTITUCIONAL

2.1 Prevención

A nivel municipal, o Concello de Santiago de Compostela ten activado diferentes medidas para concienciar e sensibilizar o conxunto da cidadanía sobre as violencias machistas. A este respecto, recóllense a continuación datos relativos a tres accións concretas como a Campaña con motivo do 25 de novembro «Compostela en Negro»; o programa «Territorio das Mulleres» e o Programa Coeducativo «Reciclaxe do Xénero», que se levou a diferentes centros educativos do municipio.

2.1.1. Acción municipal: Compostela en Negro

En novembro de 2015 lévase a cabo a campaña en contra das violencias machistas «Compostela en negro», que marca como principal reto o establecemento de redes con axentes sociais e económicos da cidade ao redor da repulsa de calquera acción violenta por razón de xénero. Dinamízase a través dunha convocatoria online e a pé de rúa, que logra que 278 axentes se adhiran á iniciativa. O sector que amosa un maior nivel de participación e compromiso é o do comercio: até 250 establecementos forman parte da iniciativa. En novembro de 2016 celébrase a segunda edición desta campaña, e nesta ocasión adhírense 16 Concellos de toda Galicia e 2735 establecementos e axentes sociais.

2.1.2. Acción municipal: Territorio das Mulleres

O obxectivo deste proxecto é, por unha banda, habilitar un espazo de confluencia para os recursos que traballan a favor da igualdade de xénero na cidade de Santiago de Compostela, en diferentes ámbitos, dándolles unha maior visibilidade e accesibilidade; e por outra banda, implicar os diferentes axentes sociais e o sector económico co fin de crear un mapa de recursos, lugares e equipos que axuden a construír unha cidade igualitaria e amigable coas mulleres.

Dada a importancia dos sectores da hostalería e do turismo no desenvolvemento económico e social da cidade e a súa capacidade de influencia, tanto na comunidade veciñal como nas persoas que visitan Santiago, empréndese a iniciativa de convidar a hostais, restaurantes, hoteis e oficinas de turismo da cidade a comprometerse coa igualdade entre mulleres e homes asumindo un decálogo de boas prácticas na xestión do seu negocio, tales como:

- Promover que o establecemento sexa un espazo accesible, integrador, seguro e agradable para as mulleres.
- Facer un uso inclusivo da linguaxe, non discriminatorio cara ás mulleres nos diferentes soportes: cartas, menús, publicidade, redes sociais, páxina web, documentos de xestión, etc.
- Respetar os dereitos laborais das mulleres que traballan no establecemento e promover a igualdade de oportunidades cos seus compañeiros no desenvolvemento profesional a través da promoción e o recoñecemento laboral, da equiparación de salarios, da facilidade de medidas de conciliación, etc.
- Rexeitar rotundamente a violencia de xénero a través da posta en marcha de medidas para a súa prevención e denuncia, así como facer do establecemento un espazo de protección e seguridade ante as agresións machistas.
- Respetar e defender a diversidade sexual das persoas usuarias do establecemento.
- Desenvolver ao longo do ano, como mínimo, tres accións de visibilización, recoñecemento e posta en valor das achegas das mulleres en diferentes ámbitos: cultural, gastronómico, social, político, económico, científico, etc.
- Facer difusión nas redes sociais, webs e outros soportes do establecemento dos materiais de promoción do proxecto «Compostela, Territorio das Mulleres».
- Poñer a disposición das persoas usuarias un libro de visitas para a recollida de información sobre as súas experiencias no establecemento relacionadas con «Compostela, Territorio das Mulleres».
- Atender as recomendacións de boas prácticas realizadas por «Compostela, Territorio das Mulleres».
- Atender os requirimentos de «Compostela, Territorio das Mulleres» relacionados co incumprimento deste decálogo.

Trátase dun proceso aberto e que permanece activo na actualidade, e é posible que calquera establecemento que o considere oportuno poida sumarse á iniciativa.

2.1.3. Acción municipal: Reciclaxe do Xénero

«Recicla o Xénero» é un proxecto municipal que se activou, en formato piloto, no curso 2015/16, coa intención de favorecer a detección de necesidades e demandas dos institutos da cidade¹ e analizar a resposta do alumnado ante un programa de sensibilización en materia de igualdade. O proxecto desenvolveuse no marco da campaña de sensibilización en torno ao 25 de Novembro, cunha duración de dous meses e con resultados positivos en toda a comunidade educativa. Na actualidade, no curso 2016/2017, a nova edición do programa destaca polo seu carácter plurianual, e pasou a abarcar a totalidade do curso escolar.

O obxectivo final é abordar a loita contra a violencia de xénero e fomentar a cultura da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na poboación máis nova, de forma transversal e favorecendo a integración con accións no programa curricular, promovendo a deconstrución dos estereotipos de xénero e estimulando a creación dunha identidade persoal marcada pola autonomía e a liberdade de elección.

Para lograr este obxectivo deseñouse un formato que contempla espectáculos teatrais e obradoiros en aula. Ademais, aplicouse un cuestionario na aula para medir as percepcións da violencia de xénero entre o alumnado, concretamente de 4º da ESO e 1º de Bacharelato, cunha mostra final de 473 alumnas e alumnos de entre 14 e 18 anos. A continuación reproducimos algunhas reflexións significativas derivadas deste pequeno estudo:

- Incremento de actitudes machistas por parte da poboación adolescente nas relacións de parella. Normalización de certas actitudes e comportamentos que dificultan o recoñecemento dos machismos, se ben, en xeral, a mocidade entende que vivimos nunha sociedade patriarcal e machista.
- Interiorización da posesión e do control como sinal de amor, unha cuestión particularmente instrumentalizada a través das novas tecnoloxías como as redes sociais (Facebook; WhatsApp...)
- Valoración positiva da igualdade existente.

¹ Os institutos que participaron no proxecto foron: IES Pontepedriña; IES Antón Fraguas; IES Fontiñas; IES Xelmírez.

Esta información resulta valiosa de cara ao deseño de novos proxectos a nivel interno e mesmo para a planificación e deseño de accións no marco do futuro Observatorio de Igualdade.

Noutra orde de cousas, cabe sinalar o entramado de coordinacións e derivacións que se producen entre o Centro de Información ás Mulleres e os diferentes servizos de atención especializada que actúan na cidade:

- Colaboración coa UMAD: cando existe unha problemática de adiccións.
- Colaboración co SERGAS: concretamente co servizo especializado en enfermidades mentais cando se dá esta circunstancia.
- Colaboración coa UAMI: no caso das mulleres inmigrantes, para facilitar o proceso de legalización da súa situación na cidade.
- Colaboración con ACADAR e COGAMI: cando se atenden realidades de mulleres con diversidade funcional.

De igual xeito, cómpre sinalar a coordinación que se mantén coa área de Maiores do Concello de Santiago de Compostela cando se atende a mulleres que acoden ao centro de información e teñen unha idade avanzada. Neste sentido, en relación aos grupos de idade, e tendo en conta que se aprecia un incremento da violencia de xénero na mocidade, detéctase a necesidade de traballar en rede co sector educativo, e particularmente cos departamentos de orientación dos IES.

En definitiva, destácase o labor de coordinación que deben desempeñar os diferentes axentes a nivel local, poñendo en valor a necesidade de establecer e mellorar o traballo en rede e a comunicación transversal como retos para o futuro.

[4] IMPACTO

3.1 Sobre a saúde física, psicolóxica, sexual e reprodutiva das mulleres

No contexto da mesa de traballo sobre violencia de xénero, identifícase con claridade o impacto que esta ten na saúde biopsicosocial das mulleres, e tamén das súas fillas e fillos. Neste sentido indícanse algunhas das posibles consecuencias e/ou secuelas da violencia nas súas vidas:

1. Perda da autoestima
2. Desmotivación
3. Sentimentos de culpa
4. Dependencia emocional do agresor
5. Estrés postraumático
6. Depresión
7. Illamento e soidade
8. Tristeza
9. Indefensión
10. Ansiedade
11. Vergoña
12. Medo
13. Sentimentos de frustración
14. Ira
15. Labilidade emocional
16. Fatiga
17. Sobremedicación

O marco que escenifican estas secuelas permite trazar itinerarios de atención personalizados e individualizados, atendendo á situación concreta que presenta cada muller.

3.2 Sobre as relacións familiares e sociais das mulleres

Con carácter xeral sinálase a perda ou debilitamento dos lazos afectivos tanto a nivel familiar como de amizades, o que deixa as mulleres nunha situación de soidade. Igualmente, destácase que a familia ten un papel relevante, de tal forma que as reaccións que se producen neste contexto, de apoio ou de illamento, teñen moito efecto sobre a vítima.

Igualmente, hai que considerar os estragos que a violencia xera na propia unidade familiar da muller, isto é, o impacto que ten sobre as fillas e fillos así como na relación materno-filial que se establece.

3.3 Sobre a situación económica das mulleres

A vida profesional e laboral tamén corre un gran risco de verse afectada; de feito, a continuidade laboral das usuarias do CIM é baixa.

Particularmente, a situación das mulleres con diversidade funcional presenta unha maior dificultade, pois en moitos casos existe unha carencia formativa que debilita as oportunidades de acceder e manter un emprego que permita unha vida autónoma.

3.4 Impacto do proceso legal na vida das mulleres

O proceso legal conta cun impacto moi elevado, especialmente cando hai fillas e fillos, precisamente pola dificultade que supón enfrontarse a un procedemento xudicial.

Algúns dos problemas que encaran remiten ao feito de que unha vez emprendido este camiño se poña en dúbida a veracidade da súa experiencia ou non se obteña a resposta imaxinada.

Diferentes expertas que participaron na mesa específica sobre violencia de xénero consideran que a formalización da denuncia é un paso fundamental para avanzar no recoñecemento de dereitos relativos a ordes de protección, recursos económicos e servizos aos que se pode acceder.

Dende o punto de vista das participantes nesta mesa, cómpre apostar por un traballo dende un enfoque integral que permita unha coordinación efectiva entre os diferentes axentes implicados a nivel municipal.